



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al incendio en Viana do Bolo del pasado verano y a las consecuencias catastróficas causadas en diferentes parroquias del término municipal por las trombas de agua y los arrastres desde los montes quemados.**

La ola de incendios de 2025 evidenció la total incompetencia del Gobierno de la Xunta de Galicia del PP, pues en muchos casos fue la desidia para apagar los focos en los momentos iniciales lo que dio lugar a algunos de los incendios más graves de nuestro país. Así, por ejemplo, en el mes de agosto de 2025, en el municipio de A Mezquita se inició un incendio forestal que, debido a la nula respuesta de la Xunta ante las primeras llamas, derivó en un incendio de grandes dimensiones que afectó gravemente al medio natural e incluso a la seguridad de las personas, arrasando más de 10.000 hectáreas en los municipios de A Mezquita, A Gudiña y Viana do Bolo, además de la zona de Seabra, con importantes daños económicos, sociales y ambientales. Dentro de las zonas arrasadas se encuentra el monte del Testeiro y diversos montes pertenecientes a las comunidades de montes de Pradocabalos, O Castro, Pixeiros, A Bouza, Vilardemilo y Vilaseco, afectando a un total de 3.000 hectáreas en el municipio de Viana do Bolo.

Ahora, a las consecuencias económicas provocadas directamente por los incendios, se suman los daños causados por las intensas lluvias que afectaron recientemente a las zonas arrasadas por los incendios en el municipio de Viana do Bolom, que acaba de padecer una importante erosión y pérdida de suelo, favorecida además por la orografía.

Así, el pasado 14 de junio, una tormenta produjo graves inundaciones en diferentes lugares de Viana, entre los que se encontraban Pradocabalos y Pixeiros, llegando incluso a afectar las vías de comunicación entre Pixeiros y A Bouza. Dos días después, el pasado 16 de junio, en esas zonas quemadas se desencadenó otra fuerte tormenta, que avanzó y fue acumulando agua, cenizas, piedras, restos de corta... y que descendió violentamente por las laderas hacia los arroyos que confluyen en el arroyo que atraviesa A Bouza, provocando una catástrofe sin precedentes en el lugar.

La riada de agua, lodo, piedras y cenizas arrasó todo a su paso, desde edificaciones, carreteras y caminos, además de afectar a diversos servicios públicos y propiedades



privadas, especialmente en O Castro y Pradocabalos, y continuando hasta llegar al embalse de O Bao. Las consecuencias son catastróficas, con afectaciones de todo tipo, tanto en explotaciones como en tierras agrarias e incluso en viviendas, así como en servicios públicos como el suministro de agua y en las vías de comunicación. Esa misma tromba también ha afectado a Pixeiros y a la cuenca del Bibeí, en la zona de Vilardemilo, cortando las vías de comunicación.

Así, puede constatarse que, diez meses después de las catástrofes de los incendios, ninguna de las administraciones con competencia en la materia, ni la Xunta de Galicia ni la Confederación Hidrográfica Miño-Sil, ha realizado los trabajos necesarios de restauración y recuperación de los terrenos afectados por los incendios, que quedaron sin vegetación y, por tanto, totalmente expuestos a las lluvias y a los arrastres, como se evidenció con las intensas tormentas.

En este sentido, cabe recordar que la CHMS afirmaba en una respuesta remitida al BNG, con fecha del mes de febrero de este mismo año, que en aquel momento habían comenzado las actuaciones comprometidas para la rehabilitación de las zonas afectadas por los incendios en Ourense, priorizando aquellas que padecieron «mayor severidad de incendio y riesgo de erosión», contemplando actuaciones en los términos municipales de A Mezquita, A Gudiña y Viana do Bolo, entre otros. No obstante, los citados trabajos de rehabilitación no se materializaron en el área indicada, en un arroyo que es competencia de la CHMS y que se encuentra gravemente afectado por los incendios estivales.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Ha abierto el Gobierno del Estado canales de diálogo con la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento para poner en funcionamiento un plan para la recuperación integral de los núcleos de población afectados por la riada, concretamente los de Bouza, Pradocabalos y Pixeiros, que incluya las vías públicas, las redes de saneamiento y depuración, las conducciones de agua y los demás servicios públicos?
2. ¿Ha realizado la CHMS algún trabajo en la zona arrasada por la riada y en las áreas limítrofes a los cauces fluviales afectados que desembocan en el embalse de O Bao, dentro de la cuenca Miño-Sil, en el marco del plan de restauración anunciado tras los incendios del pasado verano?
3. ¿Asumirá ahora su responsabilidad y colaborará en las tareas de restauración y rehabilitación ambiental de los terrenos arrasados por la riada?




4. ¿Está el Gobierno dispuesto a colaborar para impulsar ayudas destinadas a paliar los daños causados por las riadas en la red viaria, bienes muebles e inmuebles, así como en las explotaciones agrarias y ganaderas?
5. ¿Valora el Gobierno la declaración del área afectada por la riada como zona gravemente afectada por emergencia de protección civil para facilitar la habilitación de ayudas?
6. ¿Pondrá en marcha el Gobierno, a través de la CHMS, un plan urgente para la restauración hidrológico-forestal y para el control de la erosión en los montes afectados por los incendios forestales del verano de 2025 en Viana do Bolo?

En Madrid, a 22 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Sobre as riadas e arrastre de terras nos montes incendiados no Concello de Viana do Bolo

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao incendio en Viana do Bolo do pasado verán e ás consecuencias catastróficas causadas en diferentes parroquias do concello polas trombas de auga e os arrastres desde os montes queimados.**

A vaga de lumes de 2025 evidenciou a total incompetencia do Goberno da Xunta da Galiza do PP pois, en moitos dos casos, foi a desidia para apagar os focos nos momentos iniciais, a que deu lugar a algúns dos máis graves incendios do noso país. Así por exemplo, no mes de agosto de 2025 no concello da Mezquita iniciábase un incendio forestal que, debido á nula resposta da Xunta ante as primeira lapas, derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao medio natural e mesmo á seguranza das persoas, arrasando máis de 10 000 hectáreas nos concellos da Mezquita, A Gudiña e Viana do Bolo ademais da zona de Seabra, con importantes danos económicos, sociais e ambientais. Dentro das zonas arrasadas está o monte do Testeiro e diferentes montes pertencentes ás comunidades de montes de Pradocabalos, o Castro, Pixeiros, A Bouza, Vilardemilo, Vilaseco, afectando a un total de 3000 hectáreas no concello de Viana do Bolo.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 JUN. 2026 18:08:17

Entrada **120040**



Agora, ás consecuencias económicas provocadas directamente polos lumes, únense os danos causados polas choivas intensas que afectaron recentemente ás zonas arrasadas polos incendios no concello de Viana do Bolom que acaba de padecer unha importante erosión e perda de solo, favorecida ademais pola orografía, do territorio que se queimou.

Así, o pasado 14 de xuño unha tormenta produciu graves inundacións en diferentes lugares de Viana entre os que estaba Pradocabalos e Pixeiros, mesmo afectando ás vías de comunicación entre Pixeiros e A Bouza. Dous días despois, o pasado 16 de xuño nesas zonas queimadas desencadeouse outra forte treboada, que avanzou e foi acumulando auga, cinzas, pedras, restos de corta... e que descendeu violentamente polas ladeiras cara os regatos que conflúen no regato que atravesa a Bouza provocando unha catástrofe sen precedentes no lugar.

A riada de auga, lodo, pedras e cinzas arrasou todo ao seu paso, desde edificacións, estradas e camiños, ademais de afectar a distintos servizos públicos e propiedades privadas, especialmente no Castro e Pradocabalos e continuando até chegar ao encoro do Bao. As consecuencias son catastróficas con afeccións de todo tipo tanto a explotacións como a terras agrarias e até vivendas, servizos públicos como traídas de auga e vías de comunicación. Esa mesma tromba tamén afectou a Pixeiros e tamén á bacía do Bibeí, na zona de Vilardemilo, cortando vías de comunicación.

Así, pode constatarase que, dez meses despois das catástrofes dos incendios, ningunha das administracións con competencia na materia, nin a Xunta da Galiza nin a Confederación Hidrográfica Miño Sil, fixeron os necesarios traballos de restauración e recuperación dos terreos afectados polos lumes que quedaron sen vexetación e, por tanto, totalmente expostos ás choivas e aos arrastres, como se evidenciou coas intensas tormentas.

Neste sentido, cabe lembrar que a CHMS, afirmaba nunha resposta remitida ao BNG con data do mes de febreiro deste mesmo ano que, naquela altura, deran comezo as actuacións comprometidas para a rehabilitación das zonas afectadas



polos incendios en Ourense, priorizando as que padeceron “maior severidade de incendio e risco de erosión” contemplando accións nos concellos da Mezquita, A Gudiña e Viana do Bolo entre outros. Porén, os citados labores de rehabilitación non se materializaron na área indicada, nun regato que é competencia da CHMS e gravemente afectado polos incendios estivais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Abriu o Goberno do Estado canles de diálogo coa Xunta da Galiza e Concello para pór en funcionamento un Plan para a recuperación integral dos núcleos de poboación afectados pola riada, concretamente os da Bouza, Pradocabalos e Pixeiros que inclúa as vías públicas, redes de saneamento e depuración, traídas de auga e demais servizos públicos?
2. Realizou algún labor a CHMS na área arrasada pola riada e nas zonas limítrofes ás canles fluviais afectadas que desembocan no encoro do Bao dentro da bacía Miño-Sil polo plan de restauración anunciado despois dos incendios do pasado verán?
3. Asumirá agora a súa responsabilidade e colaborará nas tarefas de restauración e rehabilitación ambiental dos terreos arrasados pola riada?
4. Está en disposición o Goberno de colaborar para impulsar axudas para paliar os danos causados polas riadas na rede viaria, bens móbeis e inmóbeis, así como nas explotacións agrarias e gandeiras?
5. Valora o Goberno a declaración da área afectada pola riada como zona gravemente afectada por emerxencia de protección civil para facilitar a habilitación de axudas?



6. Porá en marcha o Goberno a través da CHMS un plan urxente para a restauración hidrolóxico forestal e para o control da erosión nos montes afectados polos incendios forestais do verán do 2025 en Viana do Bolo?.

Madrid, a 22 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso